MODELO DE ESTATUTOS CLUBES

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO e unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que terá como obxecto exclusivo o fomento e a práctica da actividade física e deportiva sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO practicará como principal modalidade deportiva a de FUTBOL e afiliarase a Federación Galega de FUTBOL, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO practicará asemesmo as modalidades de _____, funcionando para tal fín ás sección deportivas correspondentes que serán adscritas ás respectivas Federacións.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica doutras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO someterase ó réximen do presuposto e patrimonio coas seguintes limitacións:

a) Non poderá destina-los seus bens, a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicios, nin exceder actividades de iguan carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente.

b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirxidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físico e deportivas dos seus asociados.

c) O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO poderá gravar e allear bens inmobles, tomar cartos en préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

1.- Que ditas operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asamblea Xeral Extraordinaria.

2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportivas que constitua o seus obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderá exixirse, sempre que o solicite como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictamo económico-actuarial.

3.- Cando se trate de tomar cartos en préstamo en contía superior ó cinco por cento do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual ó valor do patrimonio, así coma nos supostos de emisións de títulos, requerirá informe da Federación e da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO poderá recibir libremente donacións que non excedan da catidade de quinientas mil pesetas. No supósto de donación que superen esta catidade, será necesaria a autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- O enderezo social fíxase en CERDEDO rua Ctra/ORENSE - PONTEV.

núm. 17, teléfono 753038, debendo, en caso de variación, dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO, tamén contará con seguinte locais e instalacións propios:

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIONS, DUHEITOS E OBRIGAS

Artigo 6º.- O número de socios será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, á admisión de novos socios cando así o exixan razóns de aforo ou de capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º.- Son socios de número, toda-las persoas maiores de idade que sastifa gan a cuota social esyablecida.

Os menores de 18 anos, de un e outro sexo, serán calificados como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións, mediante o abono da cuota que fixe a Xunta Directiva, e pasarán automaticamente a socios de número ó cumpri-la maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas as que a Xunta Directiva confira esta distinción, e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares, todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo enderezo.

Artigo 8º.- Primeiro.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.

b) Exixir da Asociación se axusten ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, as normas de desenvolvemento das mesmas que se estblecen no presente Estatuto.

c) Separarse libremente da Asociación.

d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-lo seu documentación, previa petición razoada á Xunta Directiva.

e) Expor libremente no sea da Asociación.

f) Ser elector e elexible para os órganos de representación ou gobierno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obra.

Segundo.- Son obrigas dos socios de número:

a) Abona-las cuotas que exixa a Xunta Directiva.

b) Contrinuir ó sostenemento e difusión do deporte ou deportes da Sociedade.

c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno da Sociedade.

Terceiro.- Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar daqueles servicios e instalacións sociais da Asociación.

Catro.- Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido como socio, en calqueira das suas modalidades, será necesario:

- Te-la idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitar, por escrito, a sua admisión á Xunta Directiva.
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pagamento das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º.- Son Organos de representación e goberno do/a SOCIEDADE DEPORTIVA CERDEDO, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º.- Primeiro.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, ó frente da cal haberá un Presidente e da que formarán parte un Secretario e un Tesoreiro.

Segundo.- O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outro membros que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asa,blea Xeral.

Terceiro.- Corresponderá á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así coma nas competicións que se organicen.

b) Convocar, por medio do seu Presidente, a Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.

c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deben satisfacerse.

d) Redactar ou reforma-los reglamentos de réximen interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.

e) Nomear as persoas que dirixan as distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades do Clube.

f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da Sociedades e, en xeral, aplicar toda-las medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.

Artigo 13º.- Primeiro.- A Xunta Directiva quedará validamente constituida en primeira convocatoria cando concorran nela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia polo menos de tres dos seus membros, e en todo caso do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo.- A Xunta Directiva será convocada pola sua Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá ser convocada a petición de tres ou mais dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituida cando estean presentes todolos seus membros, ainda que non mediase convocatoria previa.

Artigo 15º.- Primeiro.- O Tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará os recibos e autorizará os pagos e levará os libros de contabilidade.

Segundo.- Será obriga do Tesoreiro, formalizar, durante o primeiro día de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos que se porán en coñecemento de todolos asociados.

Artigo 16º.- O Secfetario da Xunta Directiva coidará do arquivo e documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da ASociación e levará o libro de rexistro de asociados e libro de actas.

Artido 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un periodo de catro anos, coincidindo cos periodos olímpicos.

Artigo 18º.- Primeiro.- A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todolos seus socios de número.

Segundo.- As Asambleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedará validamente constituidas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segundo convocatoria será suficiente a concorrencia de unha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a sua celebración, mediarán, como mínimo, quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asamblea Xeral será convocada polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento alomenos dos socios de número.

Primeiro.- A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ó ano para trata-las seguintes cuestións:

a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendimento de contas e aprobación se procede.
b) Presuposto para o exercicio seguinte.
c) Proxectos e propostas da Xunta Directiva.
d) Proposicións que formulen os socios e que deberán asinadas polo menos polo quince por cento dos mesmos.
e) Rogos e preguntas.

Segundo.- Deberá celebrarse Asamblea Xeral Extraordinaria para a modificación dos presentes Estatutos.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros:

- Asociados
- Actas
- Contabilidade

Artigo 21º.- Ni libro de rexistro de asociados, deberán consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu documento nacional de identidade, profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación.

Tamén especificarán as datas de altas e baixas e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán firmadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio, os dereitos e obrigas, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º.- Cando a Xunta Directiva acorde a práctica de unha modalidade deportiva creará a sección correspondente, que deberá ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º.- Cada sección deportiva ocuparase de todo o relativo á práctica de cada modalidade deportiva correspondente baixo a coordenación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEBEDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26.- 1. O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO, deberá emitir títulos de débedas ou de parte alícuota patrimonial.

2. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º.- Os títulos inscribiranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En todolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os títulos de débeda poderán ser suscritos polos asociados, e a sua posesión non conferirá dereito algún especial ós socios agás á percepción dos interesses establecidos na lexislación vixente.

Artigo 29º.- Os títulos de parte alícuota patrimonial serán asemesmo suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos non darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial serán transfuribles entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 31º.- Os presentes Estatutos só poderán ser modificados, reformados ou derogados, por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto mediante votación cualificada de dous tercios dos socios de número asistentes. A reforma dos Estatutos seguirá os mesmos trámites administrativos que para a sua aprobación.

Artigo 32º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO, extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebre para este fín, con un mínimo das duas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º.- Disolto SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO, o remanente do seu patrimonio social, houbera, revertirá na colectividade, a cuio fín, comunicarase tal disolución á Dirección Xeral de Deportes e Federación Galega, que acordarán o destino de ditos bens - para o fomento e desenvolvemento das actividades Físico-Deportivas.

PATRIMONIO FUNDACIONAL DE LA S.D. CERDEDO

La **S.D. CERDEDO** cuenta con el siguiente patrimonio fundacional:

Los promotores de la Sociedad abren una cuenta inicial con una cantidad de 60.000 pts

ESTUDIO Y PREVISION DE MERCADO

Numero de socios Proctectores 30

Socios de número 200

Material deportivo:

Numero de equipajes completos	2	150000 pts
Número de pares de botas	20	80000 pts
Número de equipajes de chandals	1	
Número de balones	5	30000 pts

PREVISION SOCIOS . ... 600.000 pts

TOTAL ... ... 320.000 pts

TOTAL PREVISTO = PREVISION SOCIOS + **TOTAL** 920.000 pts

Yo, José María Fortes Gago, en nombre de la "**SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO**" en calidad de presidente.

SOLICITO

Se incluya a la "**SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO**" en las competiciones oficiales de la categoría de tercera regional (grupo 6º) para la temporada 1992/93.

Deseando que tengan a bien estimar esta solicitud les saluda atentamente:

José María Alvarez Fortes.



O SANGAL

E/1:50

Ctra. ORENSE - PONTEVEDRA Km 62'400

CERDEDO

O SANGAL

Ctra. ORENSE -PONTEVEDRA Km 62'400

E/1:50

CERDEDO

PRESUPUESTO INICIAL S.D. CERDEDO

El presupuesto inicial con el que cuenta la Sociedad Deportiva Cerdedo y el cual ha sido aprobado en reunión por la Junta Directiva para la temporada 1992/93 es de un millón de pesetas.

PRESUPUESTO TEMPORADA 1992/1993 ... ... 1.000.000 pts

Este presupuesto inicial podrá sufrir variaciones durante la temporada según las necesidades la Sociedad.

CONCELLO DE CERDEDO

Praza do Concello, 1 - 36130 CERDEDO (Pontevedra)

Tels. 75 30 06
75 30 54
Fax 75 32 01

CONCELLO DE CERDEDO
REXISTRO XERAL
ENTRADA Nº
SAIDA Nº 365
DATA 08-05-92

Vista a instancia subscrita por D. JOSE MARIA FORTES GAGO, en calidade de presidente da "**SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO**", solicitando o uso e disfrute, con carácter preferente das instalacións deportivas do Campo de Futbol Municipal de **O SANGAL**,

R E S O L V O :

Acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1ª/ O seu uso non será privativo da **SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO**, terá que compartilo con outras actividades que se poidan organizar polo Concello.

2ª/ A **SOCIEDAD DEPORTIVA CERDEDO,** será responsable da conservación e mantemento das instalacións, referida esta resposabilidade ós periodos de tempo que as usen.

3ª/ Non se impoñen taxas polo seu uso.

É canto teño a ben comunicarlle, ós efectos de que poida ser inscripto o devandito club na Real Federación Española de Futbol.

Reciba un cordial saúdo.

Cerdedo a 8 de Maio de 1.992.

O ALCALDE,

CONCELLO DE CERDEDO (PONTEVEDRA)

Fdo. José Luis Jorge Carames.

Sr. D. JOSE MARIA FORTES GAGO, (Presidente da Sociedad Deportiva Cerdedo).

(C E R D E D O)